



PROGRAMACIÓN DE MAIO 2012

Ludoteca da Casa da Xuventude



LUDOTECA DA CASA DA XUVENTUDE

PROGRAMA DE MAIO 2012.

TÍTULO: “ Galicia calidade”

OBXECTIVOS:

Algúns dos obxectivos que pretendemos acadar, a través, das diferentes actividades, obradoiros, saídas,...

1. Coñecer a cultura, costumes e tradicións de Galicia.
2. Traballar a cooperación e a convivencia.
3. Promover a literatura galega.
4. Enxalzar a creatividade dos nenos e nenas, mediante os diversos obradoiros.
5. Concienciar a cultura galega nos nenos e nenas.

HORARIO DE LUNS A VENRES:

Neste mes, o horario será o seguinte:

Tarde: 16:30 a 20:30.

O 1, e 17 de Maio a ludoteca estará pechada.

As prazas serán limitadas a **55 nenos/as por día**, e cubriranse por **ORDE DE CHEGADA**.



ACTIVIDADES:

O núcleo deste mes vai ser Galicia. Coñeceremos a nosa terra de maneira lúdica. Veremos os monumentos, os montes, os animais, as lendas, as tradicións, as festas, a lingua,... e traballaremos para que os nenos e nenas se interesen e gocen coa lingua, e coa cultura galega.

Obradoiros:

- Mapa de Galicia.
- Cartucheiras con motivos celtas.
- Torre de Hércules de mistos.
- Broche de pandeireta.
- Bufos con materias dos montes galegos.
- Prismáticos.
- Meigas.
- Cociña.
- Marcapáxinas.
- Celebración das letras galegas.
- Celebración dos Maios.
- Etc...

EXCURSIÓNS, E CHARLAS:

- O mércores 2 de maio teremos unha charla para os nenos/as e pais/nais sobre nutrición, e protección do sol. A charla no la darán os nutricionistas do programa “síntome ben”.
- O xoves 4 de maio iremos de excursión a ludoteca de Coia, para a realización dun xogo de pistas das letras Galegas, que realiza Normalización Lingüística.